

PROCEDIMENTO EN CASO DE LESIÓN

Persoas con Seguro Escolar (Estudantado)

Considerase accidente escolar toda lesión corporal que sufra o asegurado con ocasión de actividades directa ou indirectamente relacionadas coa súa condición de estudiante, incluídas as deportivas, asembleas, viaxes de estudos, de prácticas, de "fin de carreira" e similares, sempre que estas actividades fosen organizadas polos centros de ensino.

A) En caso de precisar atención hospitalaria

A persoa lesionada ten que dirixirse a

- **Campus de Compostela:**

- Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. Rúa da Choupana s/n.

- **Campus de Lugo:**

- Hospital Virxe dos Ollos Grandes, Rúa Montevideo, n.º 23.
- Polusa (Policlínico Lucense). Rúa Dr. Iglesias Otero, s/n.

B) Despois da atención no hospital a persoa lesionada deberá

- Recoller o parte médico no propio hospital.
- Cubrir o modelo SE1.

- [Información e modelo do seguro escolar](#).
- [Modelo SE1](#). (facer 2 copias, unha para o interesado e outra para a Administración).

- Co modelo SE1 o interesado/a irá ás oficinas da Área Deportiva da USC onde lle cumprimentarán o punto 7.
- Unha vez cumprimentado o punto 7, o accidentado/a levará á Oficina da Seguridade Social a seguinte documentación:
 - Parte médico.
 - Modelo SE1 (orixinal e copia para o interesado).

- DNI (orixinal e en vigor).
- Resgardo do Impreso da Matrícula (onde conste a facultade, curso, materias e pago da cota do Seguro Escolar).

C) Cobertura do Seguro Escolar

[Prestacións do Seguro Escolar.](#)

Pessoas sen seguro escolar

A) En caso de precisar atención hospitalaria

A persoa lesionada debe dirixirse ao centro de referencia do seu respectivo seguro (Seguridade Social, MUFACE, Seguro Deportivo Federado...).